

6ª PROBA LIGA GALEGA SPRINT

BOLETÍN FINAL



GALLAECIA RAID

ÍNDICE

ORGANIZACIÓN

LOCALIZACIONES

MAPA

RECORRIDOS

REGULAMENTO

CRONOMETRAXE

INSCRICIONS

MEDIOAMBIENTE

COLABORACIÓN Y PATROCINADORES



ORGANIZACIÓN

Clube organizador: Gallaecia Raid

Dirección da proba:

- 6ª Proba da IV Liga Galega de Sprint – Iván Somoza Argibay

Cartografía: Juan Patiño Varela e Iván Somoza Argibay

Trazados: Iván Somoza Argibay e Angel Albarrán Rodríguez

Cronometraxe: Clube Gallaecia Raid

Xuez Controlador: Alberto Arufe

Sportident: Andrés Dopico y Manuel Pedre

Email de contacto: secretaria@gallaeciaraid.org



LOCALIZACIONES


6ª Proba da IV Liga Galega de Orientación Sprint

Secretaría e Duchas: Pavillón Universitario UDC- Coordenadas GPS: 43° 20' 6.1434" N 8° 24' 52.4154" W

Apertura de Secretaría: 15:00h

<https://maps.app.goo.gl/zCp6TrbohdnjeFyj6>

UBICACIONES:



Prohíbese a entrada na zona da Universidade a través da Zapateira, debe accederse pola rotonda de San Vicente de Elviña:

<https://www.google.com/maps/place/43%C2%B020'06.5%22N+8%C2%B024'23.0%22W/@43.3351272,-8.4089616,17z/data=!3m1!4m1!3m3!8m2!3d43.3351272!4d-8.4063867?hl=es-ES&entry=ttu>

CORENTENA:

Todos os corredores deberán estar na zona delimitada en azul no mapa de localizacións (aparcamento da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais) antes das 15:30h. Circular ou transitar por outra zona será motivo de descalificación.



APARCAMENTO:

A zona de aparcamento recomendada é o parking da Facultade de Económicas e Empresariais: https://maps.app.goo.gl/YBBRj4ipEWoHLksZ7?q_st=im , posto que se sitúa na zona de estancia obrigatoria a partir das 15:30h, e poderase resgardar nos vehículos en caso de choiva.

SAIDAS CATEGORÍAS OFICIALES, ademais de M-21B e F-21B:

A partir da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais haberá unha pre-saída de 15 minutos. A entrega de mapas e saída efectiva realizarase a unha distancia de 800 m (10 minutos a pé) dende a pre-saída. Sinalizarase a ruta dende a pre-saída ata a zona de entrega do mapa.

A primeira hora de saída será a partir das 16:15 horas, empezando polo tanto as chamadas na presaída ás 16:00, segundo a listaxe de asignación de horarios de saída que se publicará nos días previos ao evento.

SAÍDAS INICIACIÓN:

O inicio das categorías INI-Curta e INI-Longa terá lugar dende a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, coincidindo coa pre-saída das categorías oficiais. Os participantes das categorías de iniciación non terán unha hora de saída asignada, polo que estes participantes poderán acudir á saída á hora que queiran, entre as 16:30 e as 17:30 horas.

DORSÁIS:

Non se permitirá a saída de ningún corredor sen dorsal oficial de FEGADO (Federados). Os corredores que cheguen á saída sen o dorsal oficial terán a obriga de volver á Secretaría para o aluguer dun dorsal oficial da FEGADO.

MAPA

ELVIÑA Nº REGISTRO FEDO: C-3410-23

A 6ª Proba da IV Liga Galega de Sprint celebrarase na tarde do sábado 28 de outubro de 15:30 a 18:00 horas aproximadamente. Discorre polo ámbito da Universidade de Elviña (Campus Zapateira e Campus Elviña). O mapa que se utilizará será novo e específico para a modalidade de sprint e realizouse durante o ano 2023.



COMENTARIOS TRAZADOR:

Adentrarémonos polo Campus de Elviña e Zapateira nunha carreira vertixinosa e rápida dadas as características do terreo. Nesta carreira haberá dúas zonas ben diferenciadas; unha primeira metade máis técnica dada a arquitectura dos edificios da Universidade que obriga a ter moi en conta as indicacións das balizas para non cometer erros; a continuación seguiremos cunha segunda parte moi rápida urbana e semiurbana que nos levará cun desnivel negativo hacia a liña de meta.

Dada as características do mapa, os tempos dos gañadores de carreira serán algo máis elevado do esperado nunha carreira sprint rondando os 20´.

INFORMACIÓN TÉCNICA:

Zonas Multinivel: No mapa existen varios parkings de varias plantas; non se poderá percorrer polas zonas interiores de aparcamento dos vehículos e polo tanto esas zonas non aparecerán reflexadas no mapa.



Balizas: aínda que a carreira se realizará con sistema AIR activado, poden darse casos de balizas desactivadas polo que é responsabilidade do competidor comprobar o aviso da pinza SIAC, e de ser o caso de non percibilo, picar de forma tradicional introducindo a pinza na estación.

Existen no terreo balizas próximas ou a distinto nivel, polo que é moi importante mirar a descripción de baliza e comprobar o número ao picar a estación.



SEGURIDADE:

Tráfico: A carreira discorre por vías públicas e rúas de pouco tránsito. A carreira estará aberta ao tráfico, e aínda que se estima unha baixa afluencia de tráfico é necesario extremar as precaucións e cumprir as normas de circulación peonil. Aparecerá no mapa unha estrada pola que estará prohibido o tránsito e estará representada cos símbolos 709 (zona prohibida). Estará habilitado o seu cruce polas zonas indicadas co símbolo 710.1.

Transitaremos tamén por unha zoa urbana con pouca afluencia de peatóns, pero debemos tomar precaucións nos xiros e saídas dos portáis. Aparecerán no mapa moitas zonas de fincas privadas polas que non se pode transitar, atravesar estas zonas será motivo de descalificación.

Calzado: Aínda que se trata dunha carreira Sprint, a presenza de escaleiras e rampas que poden estar molladas dada a climatoloxía esperada, ademáis do tránsito por algunha zona semiurbana e de terreo vasto que poden estar embarradas, fai moi recomendable calzado con bó agarre.

RECORRIDOS

RECORRIDO	BALIZAS	DISTANCIA*	DESNIVEL*	ESCALA	RECORRIDO	BALIZAS	DISTANCIA*	DESNIVEL*	ESCALA
INI CORTA	11	1500m	10	1:4000	INI LARGA	16	2.400m	10	1:4000
F-12	12	2.100m	10	1:4000	M-12	12	2.100m	10	1:4000
F-14	15	2.200m	10	1:4000	M-14	15	2.200m	10	1:4000
F-16	16	2.400m	20	1:4000	M-16	17	3.300m	30	1:4000
F-18	17	3.300m	30	1:4000	M-18	19	3.900m	35	1:4000
F-21B	16	2.400m	20	1:4000	M-21B	16	3.000m	30	1:4000
F-21A	19	3.900m	35	1:4000	M-21A	19	3.900m	35	1:4000
F-35	20	3.900m	40	1:4000	M-35	24	4.000m	80	1:4000
F-40	19	3.500m	30	1:4000	M-40	20	3.900m	40	1:4000
F-45	17	3.100m	25	1:4000	M-45	19	3.500m	30	1:4000
F-50	16	3.000m	30	1:4000	M-50	17	3.300m	25	1:4000
F-55	16	2.400m	20	1:4000	M-55	17	3.100m	25	1:4000
FE	23	4.000m	80	1:4000	ME	25	4.200m	90	1:4000

*A distancia e o desnivel está estimada polo recorrido máis óptimo

REGULAMENTO

A competición desenvolverase na modalidade de ORIENTACIÓN EN LIÑA. O participante terá que pasar obrigatoriamente por tódolos controis, seguindo a orde numérica consecutiva marcada. A proba será de tipo individual contra-reloxo. As normas aplicables nesta proba serán as seguintes:



REGLAMENTO DE ORIENTACIÓN FEGADO 2023 O-Pie

<https://fegado.es/web/uploads/documents/file/c7f/63e996a238-rev02-normas-anuais-fegado-o-pe-2023.pdf>

NORMAS ANUAIS FEGADO da IV LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN SPRNT

- Non se permitirá a saída de corredores sen o seu dorsal oficial (federados). Na secretaría se poderán obter dorsais oficiais de aluguer no caso de perda.
- Non está permitido seguir a outros participantes
- É obrigatorio pasar polo triángulo de saída (baliza sen código), estando prohibido retroceder dende este punto cara a zona de saída.
- Os corredores teñen o deber de respectar as zonas indicadas como privadas ou prohibidas (propiedades particulares ou obras). Non se pode traspasar ningunha zona limitada por cinta de marcado baixo pena de descalificación.
- É obrigado asistir a calquer participante que precise axuda.
- Para a realización da proba só está permitido o uso do mapa, que se dará no momento da saída, e a axuda dunha brúxula.
- É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa. Podéndose encontrar balizas de distintos percorridos moi próximas.
- É obrigatorio pasar pola meta e descargar a pinza electrónica, aínda que se produza o abandono, para que lle conste ao persoal da organización.
- PECHER DE META E INICIO A RETIRO DAS BALIZAS DE TERREO: 1 HORAS DESPOIS DA SAÍDA DO ÚLTIMO CORREDOR.



I TROFEO GALLECIA RAID O-PÉ

A combinación da 11ª Proba LG O-Pé e a 6ª Proba LG Sprint P-Pé conformarán o I Trofeo GALLECIA RAID O-Pé.

Para ser campión deste Trofeo hai que estar inscrito nas dúas probas (mañá e tarde) e nas dúas probas, na mesma categoría.

O gañador de cada categoría será o que obteña maior número de puntos da suma das dúas probas (na mesma categoría). A conversión de tempos en puntos realizarase segundo o punto 6.3. Sistema de puntuación das Normas Anuais da FEGADO para o ano 2023.

Entregaranse premios aos tres primeiros clasificados de cada categoría. A entrega do premio terá lugar na Pista de Atletismo da Universidade de Elviña, unha vez rematada a Proba de Sprint (18:30). A hora de entrega adiantarase se fose posible.

CRONOMETRAXE

Para a cronometraxe da proba empregarase o sistema electrónico Sportident, para o que os participantes requiren tarxeta electrónica. Os que non teñan carné poden alugalo para a proba.

Sistema AIR+ activado.

Os resultados da proba pódense consultar en <http://liveresultat.orientering.se/> e a clasificación publicarase na páxina web da FEGADO.

As reclamacións poderán presentarse persoalmente ata 60 minutos despois da chegada do último corredor.



INSCRIPCIONS

As inscricións realizaranse a través da páxina web da FEGADO (<https://fegado.es/events/view/qsr31ga4gv4s/>) o domingo 22 de outubro, ás 23:50 h.

Taxas de inscrición en probas da Liga Galega:

- Categorias federadas M/F-18 e inferiores: 7 euros.
- Categorias federadas M/F-21 e superiores: 10 euros
- Non Federado, con licenza de proba e participando en Curta Iniciación: 10 euros.
- Non Federados, con licenza de proba e participando en Longa Iniciación: 13 euros.

Recargo por matrícula non temporal: + 100% da taxa de matrícula correspondente.

Substitución do dorsal: 3 euros (recibe FEGADO)

Aluguer da pinza S.I. para quen non o precise (obrigatorio en todos os traxectos): 3 euros.

Asignarase automaticamente unha tarxeta S.I. en todo caso, a quen non indique o número de tarxeta e os datos de rexistro.

Perda da tarxeta S.I. leva ou pago de 30 €.

Cambio de tarxeta S.I., a cargo do deportista:

- Unha vez rematadas as inscricións: 2 euros.
- O día da carreira: 5 euros

Lémbrese que as taxas de inscrición deberán aboarse antes do comezo da proba.

Os pagamentos realizaranse no seguinte número de conta:

ES63 2080 0036 6030 4002 0466



Débase enviar xustificante de pago ao realizar a inscrición ao correo:

secretaria@gallaeciaraid.org

Aqueles clubs ou particulares que precisen factura deberán mandar

correo cos datos da facturación e importe (secretaria@gallaeciaraid.org)

INFORMACIÓN ADICIONAL

Para aqueles participantes que competirán pola tarde na 6ª Proba da Liga Sprint na Universidade de Elviña, recoméndase comer nos arredores do barrio de Novo Mesoiro:

- Roncudo
- O do Cuñado
- Mi Barrio
- A de Maruja
- Panaderías (Sanbrandan, Forno de Carral,...)

Na zona da Universidade de Elviña estará a disposición dos competidores o bar "El Ambigú de Elviña" (Rúa Antonio Insua Rivas, 34, 15008 A Coruña) que ofrece concertos e foliada pola tarde.
<https://maps.app.goo.gl/57dpJpEfo7o7MaBb6>



ORGANIZA



GALLAECIARAID

COLABORAN



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



**Deputación
DA CORUÑA**



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**



**UNIVERSIDADE
DA CORUÑA**



fegado
Federación Galega
de Orientación



PATROCINAN

